

1.4. sectorexterior

ESTE CAPÍTULO, DEDICADO Á ANÁLISE do sector exterior da comunidade galega no ano 2003, está estruturado en tres grandes bloques. No primeiro deles, analízanse as relacións comerciais galegas coa UE (agás España) e resto do mundo tanto dende o punto de vista sectorial como xeográfico, dedicando un subapartado ás relacións comerciais entre Galicia e o norte de Portugal. Posteriormente, estúdase a situación do investimento galego no estranxeiro –en qué sectores e en qué países–, e finalmente, preséntanse os resultados para o ano 2003 do Plan de Fomento das Exportacións Galegas.

Para o desenvolvemento do mesmo teremos en conta os datos facilitados polo Instituto de Comercio Exterior (ICEX), o IGE, o Registro de Inversiones Españolas en el Exterior e a Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

As relacións comerciais entre residentes en Galicia e os residentes fóra de Galicia (incluído o resto do Estado) medraron ó longo do ano 2003 segundo se

reflicte no cadro macroeconómico galego (fonte IGE). O valor total das exportacións o fixeron nun 6,0% e o das importacións, nun 6,4%.

En termos absolutos, as exportacións acadaron un valor de 22.981,8 millóns de euros e as importacións os 27.365,8 millóns de euros (prezos correntes), polo que o grao de apertura da economía galega foi do 123,1% (123,9% en 2002). As taxas de cobertura da economía galegas acadan un valor do 84,0% en 2003 fronte ós 84,6% do ano anterior.

Como primeira característica das relacións comerciais galegas, cómpre salientar que España é o principal mercado dos nosos produtos, ó acolle-lo 66,4% das importacións e o 60,9% das exportacións en 2003. Neste ano, o saldo comercial con España presenta un déficit de 4.619,2 millóns de euros, sendo a taxa de cobertura do 77,0% (73,7% en 2002).

As relacións comerciais co resto das comunidades autónomas españolas (suma de exportacións e importacións) medraron en 2003 un 6,1%, sendo esta medra do 4,1% no caso das importacións e do 8,8% no das exportacións.

No que ó comercio exterior galego coa UE e terceiros países se refire, existe unha forte concentración e especialización da actividade comercial. Por unha banda, a provincia de Pontevedra acapara o 61,4% do comercio exterior da comunidade (66,2% no caso do valor das exportacións). Doutra banda, a Unión Europea dos quince (agás España) é o segundo mercado en importancia, xa que o 30,8% das vendas galegas diríxense a estes países e o 19,7% das compras veñen desta zona xeográfica.

As relacións comerciais coa UE-15, agás España, creceron un 3,1% en 2003, sendo estas porcentaxes do 7,2% e 0,2%

no caso das importacións e exportacións, respectivamente. O comercio con estes países presenta unha balanza comercial cun saldo positivo (1.860,8 millóns de euros), sendo a taxa de cobertura do 131,2% (140,4% en 2002).

As exportacións a Estados Unidos experimentaron en 2003 un descenso do -20,6%, que reflicte en gran parte a perda de competitividade asociada á apreciación do euro fronte o dólar. Pola contra, o valor das importacións de Estados Unidos medrou nese ano un 41,7%.

Atendendo ós produtos comercializados, conséntase a devandita especialización do sector exterior galego. Un só capítulo arancelario, o capítulo 87 (vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, partes e accesorios), representa o 26,7% do total das importacións e o 46,3% das exportacións galegas á UE e resto do mundo. Cómpre salientar tamén os produtos do mar, cun papel crucial de intermediación do sector galego a nivel mundial, que son o segundo capítulo importador e exportador, co 7,8% e o 13,3% do total das importacións e exportacións galegas. O peso relativo dos 10 primeiros capítulos de importación e exportación sitúase no 80,3% do total das exportacións e no 78,0% no caso das importacións galegas no ano 2003.

Canto ó fluxo do **investimento galego no estranxeiro**, este descendeu en 2003 un 60,5% respecto ó ano anterior, acadando os 111,5 millóns de euros (o 0,5% do total investido por España nese ano), dos que os países da Unión Europea (UE-15) reciben o 63,9% (o 68,0% se consideramos os 25 países da UE trala ampliación do 1 de maio de 2004). Asemade, Galicia concentra a meirande parte do seu investimento no estranxeiro no subsector comercio, que acolle o 72,3% do total investido (no conxunto do Estado representa o 7,0%).

1.4.1.

Taxas de cobertura e grado de apertura do comercio exterior das CC.AA. 2002-03

	Taxas de cobertura		Grado de apertura	
	2002	2003	2002	2003
			(%)	
Andalucía	94,0	93,2	30,6	32,5
Aragón	104,4	113,3	69,0	79,6
Asturias	83,7	98,6	35,4	37,3
Baleares	68,8	55,4	26,1	23,6
Canarias	22,6	20,0	20,4	21,5
Cantabria	104,6	86,5	47,1	48,3
Castela-A Mancha	55,3	48,6	33,8	37,1
Castela-León	101,6	106,8	54,4	56,6
Cataluña	71,5	69,4	95,3	96,5
Comunidade Valenciana	121,2	115,2	62,4	62,0
Extremadura	269,3	222,8	18,3	18,6
Galicia	106,2	97,4	69,4	72,4
A Coruña	63,5	68,8		
Lugo	82,1	87,6		
Ourense	203,1	187,5		
Pontevedra	134,7	113,7		
Madrid	33,8	33,7	64,7	65,3
Murcia	79,4	80,9	70,4	69,7
Navarra	108,5	122,7	97,0	102,7
País Vasco	112,3	109,1	66,7	66,3
A Rioxa	128,4	111,9	41,5	43,4
Total	76,1	74,9	60,9	62,3

(1) Os valores das exportacións e importacións corresponden ós datos facilitados pola base de datos ICEX-Stacom
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE e da Dirección General de Aduanas

Comercio exterior

Ó longo do ano 2003 a actividade comercial (suma de exportacións e importacións) en Galicia rexistrou unha medra do 6,3% respecto ó ano anterior, 5,1 puntos porcentuais superior á experimentado en 2002, sendo este incremento do 4,4% no conxunto do Estado (1,8% en 2002). Esta evolución prodúcese fundamentalmente polo incremento do 11,1% rexistrado no caso do valor total das importacións galegas (5,1% de media en España) fronte ó 1,8% das exportacións (3,4% en España).

Esta evolución permitiu que en 2003 se rexistrara un **déficit** da balanza comercial galega, que se sitúa en -264,9 millóns de euros (fonte ICEX), cando en 2002 presentaba un saldo positivo de 571,5 millóns de euros. A taxa de cobertura, **cadro 1.4.1.**, acada o 97,4% (en 2002 era do 106,2%), 22,5 puntos por riba da experimentada por España, que foi do 74,9% (76,1% en 2002).

O grado de apertura da economía galega no ano 2003 –medido pola relación entre o valor total das exportación e importacións galegas (fonte: ICEX) e o produto interior a prezos de mercado– foi do 72,4%, sendo a cuarta comunidade con maior grado de apertura por detrás de Navarra (102,7%), Cataluña (96,5%) e Aragón (79,6%) (**cadro 1.4.1.**).

• Importacións da UE (agás España) e resto do mundo

O **cadro 1.4.2.** amosa o diferente ritmo de crecemento das importacións galegas e españolas, así como o diferente peso relativo do valor das importacións das provincias galegas no total da comunidade. O peso relativo das importacións galegas no total español acada o 5,53% no ano 2003 fronte ós 5,24% do ano anterior.

Ó longo do ano 2003 a importancia relativa das importacións pontevedresas no total galego medran en case dous puntos porcentuais, representando o 56,7%

1.4.2.


Importacións e exportacións de Galicia e España á UE e resto do mundo 2002-03

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2002	2003	03/02	2002	2003	03/02	2002	2003	03/02
	(en millóns de €)		(%)	(en millóns de €)		(%)	(en millóns de €)		(%)
A Coruña	3.655,9	3.891,0	6,4	2.320,0	2.678,4	15,4	-1.335,8	-1.212,6	9,2
Lugo	265,8	292,6	10,1	218,2	256,3	17,5	-47,6	-36,3	23,7
Ourense	199,3	219,5	10,1	404,7	411,7	1,7	205,4	192,2	-6,4
Pontevedra	5.045,7	5.776,5	14,5	6.795,2	6.568,4	-3,3	1.749,5	791,9	-54,7
Galicia	9.166,6	10.179,7	11,1	9.738,1	9.914,8	1,8	571,5	-264,9	-146,3
España	175.089,1	184.094,5	5,1	133.267,7	137.815,3	3,4	-41.821,4	-46.279,2	-10,7
G/E	5,24	5,53		7,31	7,19				

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

G.1.4.1.

Importacións galegas 2003: distribución provincial



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

das importacións galegas (55,0% en 2002). O gráfico 1.4.1. amosa que a participación das importacións de A Coruña no total das importacións foi do 38,2% (39,7% en 2002), permanecendo constantes en Lugo e Ourense no 2,9% e o 2,2%, respectivamente.

Centrándonos na análise sectorial das importacións, cuadro 1.4.3., o valor total das importacións de produtos non enerxéticos medrou un 11,8% respecto ó ano 2002, sendo a súa importancia relativa no total galego de 86,8% e do 5,4% no total estatal. As importacións de produtos enerxéticos rexistraron un crecemento do 6,6%, sendo o seu peso relativo no total estatal do 7,0%.

A contía das importacións correspondentes ó sector primario presenta no ano 2003 un incremento do 6,2% respecto ó importe de 2002, explicado fundamentalmente pola evolución dos produtos agrícolas, que medran un 7,9% respecto ó ano anterior. Representan o 23,5% do valor total das importacións galegas e o 8,9% das importacións españolas do sector. A partida máis importante é a de peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos (03), que representan o 13,3% do total de importacións galegas. Entre os dez primeiros capítulos galegos de importación para o ano 2003, áchase tamén o capítulo 44 (Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira), que representa o 2,8% do valor total das importacións galegas.

1.4.3.

Importacións 2003: distribución sectorial

	Importe	03/02	sector/total	G/E
	(en millóns de €)		(%)	
Enerxéticos	1.340,8	6,6	13,2	7,0
Non enerxéticos	8.838,9	11,8	86,8	5,4
Sector primario	2.391,4	6,2	23,5	8,9
Productos agrícolas	1.860,1	7,9	18,3	9,9
Materias primas	531,3	0,6	5,2	6,6
Semimanufacturas	1.581,1	19,3	15,5	3,7
Industria química	804,4	19,4	7,9	2,9
Metais	710,7	20,7	7,0	5,3
Outras semimanufacturas	66,0	6,0	0,6	3,3
Manufacturas	4.866,5	12,3	47,8	5,1
Bens de equipamento	3.404,2	9,4	33,4	4,8
Maquinaria	639,1	19,9	6,3	1,7
Materiais de transporte	2.765,1	7,2	27,2	8,3
Bens de consumo	1.462,3	19,9	14,4	6,1
Peletería	55,1	-26,2	0,5	3,7
Téxtiles	1.102,0	13,1	10,8	11,8
Outros bens de consumo	305,2	78,8	3,0	2,4
Total	10.179,7	11,1	100	5,5

Fonte: ICEX

1.4.4.

Importacións 2003: principais capítulos e importacións da Unión Europea, Francia, Portugal e o Mercosur

Nº Cap.	Denominación	Importe	cap. / total	03/02	Unión Europea	Francia	Portugal	Mercosur
		(en millóns de €)	(%)		(en millóns de €)			
1 87	Automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	2.718,4	26,7	7,3	2.703,1	2.219,8	82,3	1,5
2 3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.354,8	13,3	9,0	309,1	49,9	100,0	236,8
3 27	Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras miner.	1.340,8	13,2	6,6	257,2	13,9	15,1	14,5
4 62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	477,3	4,7	24,1	140,7	3,1	120,2	3,2
5 84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos; partes.	421,8	4,1	8,9	249,2	29,5	19,4	2,8
6 72	Fundición, ferro e aceiro	388,2	3,8	26,3	288,0	58,5	156,1	5,3
7 61	Prendas e complementos de vestir, de punto	371,5	3,6	10,2	174,4	2,7	146,5	5,9
8 30	Productos farmacéuticos	368,9	3,6	25,0	306,9	49,8	0,7	0,0
9 44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	285,4	2,8	5,3	147,8	8,2	76,7	31,6
10 85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	217,2	2,1	49,0	154,2	38,1	21,7	0,0
Total dos principais capítulos		7.944,3	78,0	10,9	4.730,5	2.473,5	738,6	301,6
Resto		2.235,4	22,0	11,6	1.231,7	181,6	331,7	119,6
Total		10.179,7	100	11,1	5.962,2	2.655,1	1.070,4	421,2

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

O subsector das **semimanufacturas**, **cadros 1.4.3. e 1.4.4.**, presenta en 2003 un crecemento do 19,3% respecto ó ano anterior. Representa o 15,5% das importacións totais galegas e o 3,7% do valor total das importacións españolas deste subsector. Dentro do mesmo salienta o crecemento das importacións correspondentes ó subsector dos metais e da industria química (un 20,7% e 19,4%, respectivamente), atopando entre os dez primeiros capítulos de

importación de Galicia o capítulo 72 (fundición, ferro e aceiro) que representa o 3,8% das importacións galegas.

No concernente á importación de **manufacturas**, que é o compoñente máis importante das importacións galegas (significan o 47,8% das mesmas), estas rexistran unha medra do 12,3% respecto ó ano anterior. O valor das importacións do subsector bens de consumo medrou un

1.4.5.

Importacións e exportacións 2002-03: distribución xeográfica segundo orixe e destino

	Importacións			Exportacións		
	2002	2003	03/02	2002	2003	03/02
	(en millóns de €)			(en millóns de €)		
			(%)			(%)
Europa	6.128,4	6.849,1	11,8	8.374,7	8.464,4	1,1
Unión Europea	5.559,3	5.962,2	7,2	7.774,4	7.801,3	0,3
Europa Oriental	302,9	297,2	-1,9	218,5	298,4	36,6
Países EFTA	127,4	395,0	210,0	115,5	138,4	19,9
Resto de Europa	138,8	194,7	40,3	266,4	226,2	-15,1
África	892,6	966,0	8,2	226,3	413,8	82,8
América	1.473,3	1.617,9	9,8	644,6	568,7	-11,8
América do norte	313,8	437,0	39,3	242,5	211,5	-12,8
América central	441,4	393,0	-11,0	144,0	154,1	7,1
América do Sur	640,5	719,7	12,4	209,4	179,0	-14,5
Asia	642,9	716,8	11,5	414,0	388,6	-6,1
Oceanía	29,5	29,9	1,6	5,4	7,0	29,4
Outros	-	-		72,9	72,4	-0,8
Total	9.166,6	10.179,7	11,1	9.738,1	9.914,8	1,8

Fonte: ICEX

19,9%, mentres que o dos bens de equipamento o fixo nun 9,4%.

Entre os capítulos de importación máis importantes pódese salientar o 87 (automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios), que segue a se-lo principal capítulo importador e supón o 26,7% das importacións galegas; as partidas incluídas dentro do subsector téxtil, capítulos 61 e 62, que en conxunto acollen o 8,3% das importacións totais; e o 84 (reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos, partes), que é a quinta partida importadora, co 4,1% das importacións galegas.

A **distribución xeográfica** das importacións galegas no ano 2003 amosa, como ven sendo habitual, unha maior concentración das mesmas na Unión Europea. Segundo os datos do ICEX, nese ano o 58,6% do valor total das importacións procede da UE (5.962,2 millóns de euros), en tanto que a segunda área xeográfica de procedencia das compras galegas é América do Sur, co 7,1% (719,7 millóns de euros), seguida de América do Norte, co 4,3% (437,0 millóns de euros) (**cadro 1.4.5.**).


Atendendo á desagregación por capítulos das importacións galegas dos países da **Unión Europea**, as importacións de produtos do capítulo 87 ascenden a 2.703,1 millóns de euros, o que representa o 45,3% das importacións procedentes desa área económica e un 99,4% das importacións correspondentes ó devandito capítulo.

Na Unión Europea, o principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, é **Francia**. O valor total das importacións francesas ascende a 2.655,1 millóns de euros, o que supón o 26,1% do total das importacións galegas e o 44,5% do valor das importacións europeas.

O principal capítulo arancelario é o correspondente á automoción (87) que, cun importe de 2.219,8 millóns de euros, supón o 83,6% do total do valor das súas importacións, e representa o 81,7% do total das importacións galegas englobadas neste capítulo. O segundo capítulo importador corresponde ó capítulo 72 (fundición, ferro e aceiro), cun importe de 58,5 millóns de euros, representando o 2,2% do total das importacións francesas e o 15,1% do valor das importacións galegas correspondentes ó devandito capítulo.

G.1.4.2.

Exportacións galegas 2003: distribución provincial



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

No caso das importacións galegas de **Portugal**, que representan o 10,5% do total das importacións galegas no ano 2003, as primeiras partidas corresponden ós capítulos 72 (fundición, ferro e aceiro), con 156,1 millóns de euros, 61 (de prendas e complementos de vestir, de punto), con 146,5 millóns de euros, e a de prendas e complementos de vestir, agás os de punto (62), cun valor de 120,2 millóns de euros. No conxunto das importacións galegas de Portugal, estas partidas representan, respectivamente, o 14,6%, 13,7 % e 11,2%, respectivamente.

Finalmente, as importacións galegas dos países do **Mercosur** ascenden a 421,2 millóns de euros, e representan o 4,1% do total das importacións galegas. Entre os capítulos arancelarios máis importantes, hai que suliñar as importacións de produtos do capítulo 03, que supón un 56,2% das importacións procedentes desa área económica e un 17,5% das importacións correspondentes ó devandito capítulo.

• Exportacións

No que á análise das exportacións se refire, no **cadro 1.4.2.** pódese apreciar a evolución do sector exportador galego que crece un 1,8% no ano 2003 respecto ó ano

anterior, sendo o peso relativo das exportacións galegas no total español dun 7,19% fronte ó 7,31% do ano anterior.

Ó igual que acontece coas importacións, existe unha maior concentración das exportacións galegas na provincia de Pontevedra, onde tras un descenso do 3,3% respecto ó ano anterior, o seu peso relativo no total das exportacións galegas é do 66,2% (**gráfico 1.4.2.**). A diferenza do acontecido no caso das importacións, fronte ó descenso da importancia relativa do valor destas exportacións no total galego, en 2003 prodúcese unha medra das exportacións coruñesas e luguesas no total galego, pasando do 23,8% e 2,2% de 2002 ós 27,0% e 2,6% de 2002, respectivamente.

No conxunto das exportacións galegas, o **sector enerxético** representa o 1,8% (o 4,2% das exportacións enerxéticas españolas) e as exportacións de produtos non enerxéticos, considerados no seu conxunto, representan o 98,2% (o 7,3% das exportacións españolas destes produtos).

Segundo pode verse nos **cadros 1.4.3. e 1.4.6.**, o valor das exportacións correspondentes ó **sector primario** experimenta unha caída do 4,6%. Neste ano,

1.4.6.

Exportacións 2003: distribución sectorial

	Importe	03/02	sector/total	G/E
	(en millóns de €)		(%)	
Enerxéticos	175,3	-3,2	1,8	4,2
Non enerxéticos	9.739,6	1,9	98,2	7,3
Sector primario	1.844,7	-4,6	18,6	7,1
Productos agrícolas	1.426,5	-1,2	14,4	6,7
Materias primas	418,2	-14,5	4,2	8,7
Semimanufacturas	1.016,9	10,1	10,3	3,1
Industria química	360,6	30,4	3,6	1,9
Metais	315,8	6,8	3,2	3,4
Outras semimanufacturas	340,5	-3,1	3,4	8,2
Manufacturas	6.878,0	2,7	69,4	9,2
Bens de equipamento	5.292,5	-0,3	53,4	9,3
Maquinaria	345,9	5,4	3,5	1,6
Materiais de transporte	4.946,7	-0,7	49,9	13,8
Bens de consumo	1.585,5	14,0	16,0	8,7
Peletería	61,7	-11,3	0,6	5,8
Téxtiles	1.190,3	17,8	12,0	18,5
Outros bens de consumo	333,6	7,1	3,4	3,1
Total	9.914,8	1,8	100	7,2

Fonte: ICEX

tanto o valor das exportacións de produtos agrícolas como a de materias primas experimenta un descenso, sendo do 1,2% no primeiro caso e do 14,5% no segundo.

Entre os primeiros capítulos exportadores salienta-lo peso dos capítulos de productos agrícolas 03 (pescados e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos) e 16 (preparacións de carne, de pescado ou crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos) que representan, respectivamente, o 7,8% e o 2,9% das importacións galegas. Suliñar tamén, dentro das materias primas, o capítulo 44 (madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira), que representa o 1,9% das exportacións galegas.

A diferenza do acontecido no ano anterior, o valor das exportacións das **semimanufacturas** medra un 10,1% no ano 2003, rexistrando os subsectores químico e de metais un crecemento do 30,4% e 6,8%, respectivamente. En termos absolutos, estas exportacións ascenden a 1.019,9 millóns de euros, representando o 10,3% das exportacións galegas. Entre os 10 primeiros capítulos exportadores de Galicia atópase o 68 (manufacturas de

pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas), que representa o 3,2% das exportacións galegas.

No concernente ó valor das exportacións de **manufacturas**, que acadou en 2003 os 6.878,0 millóns de euros, este rexistrou unha medra do 2,7% respecto ó ano anterior. Estas exportacións representan o 69,4% das exportacións galegas, sendo o seu peso relativo no total estatal das exportacións de manufacturas, do 9,2%. Dentro das exportacións do subsector de **bens de equipamento** (5.292,5 millóns de euros, 0,3% menos que en 2002) salienta o comportamento dos materiais de transporte, onde o capítulo 87 (exportacións, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios) representa o 46,3% das exportacións galegas (14,1% das exportacións deste capítulo en España).

No caso das exportacións de **bens de consumo**, que medran un 14,0% respecto ó 2002, salienta a evolución do valor dos produtos téxtiles, que medra un 17,8%. Entre os dez primeiros capítulos exportadores atópanse o 62 (Prendas e complementos de vestir, agás os de punto) e o 61

Exportacións 2003: principais capítulos e exportacións cara á Unión Europea, Francia, Portugal e Mercosur

Nº Cap.	Denominación	Importe (en millóns de €)	cap. / total (%)	Unión Europea			Mercosur
				Francia	Portugal	Mercosur	
1	87 Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	4.592,2	46,3	1.647,8	165,7	36,1	
2	3 Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	776,8	7,8	642,4	293,9	0,8	
3	62 Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	670,8	6,8	455,1	152,2	14,2	
4	61 Prendas e complementos de vestir, de punto	415,8	4,2	286,1	100,0	6,9	
5	89 Navegación marítima ou fluvial	354,2	3,6	135,2	11,2	1,3	
6	68 Manufacturas de pedra, yeso, cemento, amianto, mica, etc.	312,6	3,2	284,3	35,4	0,2	
7	16 Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos	289,1	2,9	246,0	40,1	0,2	
8	44 Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	185,9	1,9	113,9	66,9	0,2	
9	85 Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	185,1	1,9	120,2	58,8	3,3	
10	27 Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	175,3	1,8	114,1	29,2	0,0	
Total dos principais capítulos		7.957,7	80,3	6.293,3	2.105,9	63,2	
Resto		1.957,1	19,7	1.508,0	723,6	23,1	
Total		9.914,8	100	7.801,3	2.274,8	86,3	

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

(Prendas e complementos de vestir, de punto), que supoñen o 6,8% e 4,2% do total das exportacións galegas.

No concernente á **distribución xeográfica** das exportacións, como se amosa no **cadro 1.4.5.**, a UE é o principal cliente de Galicia. Segundo os datos do ICEX do valor total das exportacións galegas, as exportacións galegas á UE representan o 78,7% (7.801,3 millóns de euros), seguíndolle as exportacións ós países da Europa Oriental, co 3,0% (298,4 millóns de euros). No caso do continente americano, que acolle o 5,7% das exportacións galegas, rexístrase un descenso das mesmas no caso dos países de América do norte e do sur (12,8% e 14,5%, respectivamente), incrementándose as vendas ós países de América Central (7,1% respecto ó valor total do ano anterior) en tanto que as exportacións a América do Norte e América do Sur significan o 2,4% (232 millóns de euros) e 2,0% (190 millóns de euros), respectivamente.

Como se ve no **cadro 1.4.7.**, as exportacións galegas ós países da **Unión Europea** están dominadas polo papel das exportacións de produtos do capítulo 87. Estas ascenden a 3.896,0 millóns de euros, o que representa o 49,9% das vendas a esa área económica e un 84,8% das exportacións correspondentes ó devandito capítulo.

No caso das exportacións galegas a **Francia**, existe un predominio dos produtos do capítulo da automoción (87) que representa o 72,4% do total e o 35,9% do importe total das exportacións do capítulo 87. No caso das exportacións a **Portugal**, indica-la importancia do capítulo 03, que representa o 17,5% do total das exportacións a Portugal no ano 2003 e o 37,8% do total das exportacións galegas pertencentes ó capítulo 03 nese ano.

Finalmente, no concernente ás exportacións ós países do **Mercosur**, que

representan o 0,8% do total das exportacións galegas no ano 2003, a principal partida exportadora é a correspondente á automoción, que representa o 41,8% do total exportado a estes países.

Investimento galego no estranxeiro

No concernente ós fluxos de **investimento da comunidade galega no exterior**, o investimento bruto no ano 2003 acadou os 111.456,6 miles de euros (un 60,5% menos que no ano anterior), o que representa o 0,5% do volume do investimento español. En relación ó investido polo resto das comunidades autónomas, o **cadro 1.4.8.** amosa que Galicia é a oitava comunidade que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid, Aragón, Cataluña, País Vasco, Baleares, a C. Valenciana e Canarias.

Sectorialmente, como amosa o **cadro 1.4.9.**, no ano 2003 Galicia concentra a meirande parte do seu investimento no estranxeiro no subsector comercio, co 72,3%, onde salienta o “comercio polo miúdo, agás vehículos de motor”, que acolle o 70,9% do investimento estranxeiro galego. Séguenlle en importancia as actividades da pesca e acuicultura, co 11,3% do investimento e da industria de produtos alimenticios e bebidas, co 10,7%.

Mención aparte merece a pesca e acuicultura ó representa-lo 92,6% do investimento estranxeiro total español nesta rama de actividade. Asemade, salientan a industria de madeira, cortiza, cestería (agás mobles), cun 19,6% do investimento estatal, e o comercio polo miúdo (agás vehículos de motor), co 10,1% do total investido en España nesta materia.

No concernente á **distribución xeográfica**, o **cadro 1.4.10.** amosa a concentración do investimento galego nos países da UE, ó acolle-lo 56,7% (63.190,3 miles

1.4.8.

Investimentos no exterior das CC.AA. 2002-03

	2002		2003		03/02
	CA/total		CA/total		
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(%)
Andalucía	143.426,4	0,3	62.540,6	0,3	-56,4
Aragón	1.205.219,0	2,9	5.021.676,7	20,6	316,7
Asturias	2.098.989,1	5,0	59.177,6	0,2	-97,2
Baleares	155.182,5	0,4	579.162,3	2,4	273,2
Canarias	1.006.526,6	2,4	146.547,4	0,6	-85,4
Cantabria	325.597,2	0,8	18.600,4	0,1	-94,3
Castela e León	47.481,2	0,1	22.862,8	0,1	-51,8
Castela-A Mancha	2.909,7	0,0	13.611,8	0,1	367,8
Cataluña	3.507.614,1	8,4	3.642.907,3	15,0	3,9
C. Valenciana	841.796,9	2,0	568.229,6	2,3	-32,5
Extremadura	7.086,5	0,0	59.121,4	0,2	734,3
Galicia	282.300,7	0,7	111.456,5	0,5	-60,5
Madrid	30.375.369,9	72,9	11.803.874,2	48,5	-61,1
Murcia	1.614,0	0,0	10.283,7	0,0	537,2
Navarra	5.653,7	0,0	15.163,1	0,1	168,2
País Vasco	1.679.189,5	4,0	2.190.322,3	9,0	30,4
A Ríoxa	-	0,0	15.197,6	0,1	0,0
Ceuta e Melilla	64,8	0,0	200,0	0,0	-
Total	41.686.021,7	100	24.340.935,4	100	-41,6

Fonte: Registro de Inversiones Españolas en el Exterior

de euros) do investimento galego no exterior (o 57,8% se se considera a UE ampliada a 25 países). No ámbito europeo salienta o investimento no Reino Unido e Portugal, que acollen o 55,7% do investimento na UE-15.

Entre os países latinoamericanos, onde o investimento galego acadou os 17.420,1 miles de euros (o 6,9% do total investido) salienta o investimento en Brasil e Uruguai, con 7.721,7 e 3.255,9 miles de euros, respectivamente.

Plan de Fomento das Exportacións Galegas

O Plan Foexga constitúe un dos instrumentos ó servizo da internacionalización das empresas galegas, realizando no ano 2003 un total de 165 actuacións (138 ó longo do ano anterior), cun investimento de 3.133,6 miles de euros (un 12,1% máis que no ano anterior). O **cadro 1.4.11.** reflicte que deste investimento a Consellería de Industria e Comercio aportou 1.279,2 miles de euros (o 40,8% do total investido), as cámaras 962,5 miles de euros (o 30,7%) e as empresas un total de 891,9 miles de euros (o 28,5%).

O maior gasto correspondeu ás feiras internacionais e ás misións comerciais directas, con 1.198,9 e 914,9 miles de euros, respectivamente. En conxunto, estas dúas actuacións acollen o 67,5% do total investido.

No concenrente a estes dous tipos de actuacións, nas 36 misións comerciais directas realizadas en 2003, a meirande parte das mesmas de carácter multisectorial ou plurisectorial, participaron un total de 422 empresas. No que ós mercados receptores se refire, 15 misións corresponderon a mercados europeos, 10 misións desenvolvéronse en América, 5 en Asia e África, e unha en Oceanía.

Respecto ás feiras internacionais (participacións e visitas), o número de realizacións ascendeu a 40, das que 31 corresponderon a visitas a feiras organizadas e 9 a participacións empresariais en feiras. Nas primeiras (30 delas en países europeos e unha nos EEUU) participaron un total de 544 empresas, sendo os principais sectores a pesca, alimentación, pedra, confección, xoia, madeira e moble, construción, subcontratación, turismo, planta ornamental, automoción funerario e viños.

1.4.9.

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2003: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E (%)	2002/03 (%)	
	(en miles de €)	(%/total)	(en miles de €)	(%/total)		Galicia	España
Agricultura, ganadería, caza, selvicultura e pesca	12.640,3	11,3	161.586,0	0,7	7,8	-21,1	-38,7
Produc./Distribuc. enerxía eléctrica, gas e auga	-	-	473.404,1	1,9	-	-100,0	-35,8
Industrias extractivas, refino petróleo	-	-	988.915,8	4,1	-	-	-71,9
Alimentación, bebidas e tabaco	11.960,0	10,7	2.650.679,8	10,9	0,5	-61,4	514,8
Industria téxtil e da confección	-	-	743.026,1	3,1	-	-	521,0
Ind. papel, edición e artes gráficas	5,0	0,0	477.111,6	2,0	0,0	-	-81,4
Ind. química e transformación caucho e plásticos	-	-	2.568.190,6	10,6	-	-100,0	-74,6
Outras manufacturas	3.990,7	3,6	9.361.946,9	38,5	0,0	-92,9	96,7
Construción	1.500,2	1,3	54.123,4	0,2	2,8	-17,6	-94,8
Comercio	80.552,2	72,3	1.705.451,2	7,0	4,7	-47,6	-43,8
Hostalería	-	-	207.101,9	0,9	-	-	-74,3
Transporte e comunicacións	5,0	0,0	1.335.883,1	5,5	0,0	-99,3	-82,5
Intermediación financeira, banca e seguro	803,2	0,7	2.316.600,6	9,5	0,0	-90,0	-52,2
Actividades inmobiliarias e servizos	-	-	962.916,7	4,0	-	-100,0	-40,2
Xestión de sociedades e tenencia de valores	-	-	266.000,2	1,1	-	-	-
Outros	-	-	67.997,6	0,3	-	-100,0	-71,9
Total	111.456,6	100	24.340.935,6	100	0,5	-60,5	-41,6

Fonte: Registro de Inversiones Españolas en el Exterior

Investimentos directos das CC-AA. no exterior 2003 (1): distribución segundo áreas económicas de destino

	Total (1)	OCDE	Unión Europea ampliada (UE-25)		Novos países (2)	Latinoamérica
			UE - 25	UE - 15		
	<i>(en miles de €)</i>					
Andalucía	62.540,6	38.376,2	30.529,1	30.280,4	248,7	21.189,3
Aragón	5.021.676,7	5.002.211,1	5.001.911,1	4.994.911,1	7.000,0	18.965,6
Asturias	59.177,6	51.122,0	51.122,0	51.122,0	-	3.009,4
Baleares	579.162,3	578.965,2	578.899,6	578.899,6	-	188,9
Canarias	146.547,4	65.140,3	49.947,0	49.942,5	4,5	80.916,6
Cantabria	18.600,4	7.476,5	5.853,1	5.838,6	14,5	8.838,4
Castela e León	22.862,8	20.576,8	17.643,7	14.643,7	3.000,0	24,0
Castela-A Mancha	13.611,8	10.766,1	10.766,1	10.766,1	-	998,9
Cataluña	3.642.907,3	2.895.113,7	2.838.128,8	2.830.947,5	7.181,3	506.326,3
Comunidade Valenciana	568.229,6	553.882,8	553.356,3	551.111,9	2.244,4	10.285,5
Extremadura	59.121,4	57.309,8	57.309,8	57.309,8	-	1.811,6
Galicia	111.456,5	86.498,3	64.425,0	63.190,3	1.234,8	17.420,1
Madrid	11.803.874,2	7.190.574,2	5.794.857,1	4.830.752,8	964.104,3	2.895.148,6
Murcia	10.283,7	7.647,5	7.462,1	7.462,1	-	475,3
Navarra	15.163,1	12.145,6	12.060,7	5.346,9	6.713,7	3.017,6
País Vasco	2.190.322,3	1.629.544,9	1.467.128,5	1.460.159,2	6.969,3	531.873,8
A Rioxa	15.197,6	15.000,0	15.000,0	15.000,0	-	197,6
Ceuta e Melilla	200,0	-	-	-	-	200,0
Total	24.340.935,4	18.222.351,0	16.556.400,0	15.557.684,6	998.715,4	4.100.887,5

(1) o total inclúe ademais o resto de investimentos fóra das áreas xeográficas concretas

(2) Os novos países que a partir do 1 de maio de 2004 forman parte da Unión Europea son Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Letonia, Lituania, Hungría, Malta, Polonia e R. Checa.

Fonte: *Registro de Inversiones Españolas en el Exterior*

1.4.11.

Resumo das actuacións do Plan FOEXGA 2003

	Accións	Total	Aportacións Xunta	Aportacións empresas	Aportacións Cámaras
			(en €)		
Misións comerciais directas	36	914.863,69	383.510,00	299.682,06	231.671,63
Misións comerciais inversas	10	132.341,03	62.938,36	6.464,30	62.938,37
Misións de estudos	2	51.273,74	21.399,97	16.949,60	12.924,17
Encontros empresariais	3	39.373,98	16.897,64	10.803,04	11.673,30
Promocións especiais	1	1.245,00	622,50	-	622,50
Feiras internacionais	40	1.198.857,15	361.997,90	557.961,50	278.897,75
Bolseiros no exterior	24	460.977,08	230.489,02	-	230.488,06
Outras accións	49	334.645,35	201.358,24	-	133.287,11
Total	165	3.133.577,02	1.279.213,63	891.860,50	962.502,89

Fonte: Dirección Xeral de Comercio e Consumo

Nas 9 participacións en feiras, todas elas en países europeos, estiveron presentes un total de 69 empresas, dos sectores da maquinaria-pesca, alimentación en xeral, moldes para o sector do plástico, subcontratación industrial e audiovisual. ■